

COÑECEMENTOS SITUADOS, INTERSECCIONALIDADE, AFECTOS

Regina Dalcastagnè e Virgínia Maria Vasconcelos Leal (coord.) (2015)
Espaço e gênero na literatura brasileira contemporânea
(Porto Alegre: Zouk Editora)

Regina Dalcastagnè e Luciene Azevedo (coord.) (2015)
Espaços possíveis na literatura brasileira contemporânea
(Porto Alegre: Zouk Editora)

O espazo como categoría enunciativa verteбра estas dúas monografías sobre a literatura brasileira aparecidas na colección «Estudos de literaturas contemporâneas» da Editora Zouk. E nas dúas, como coorganizadora, un nome que se repite: Regina Dalcastagnè, da Universidade de Brasília. Con Virgínia Maria Vasconcelos Leal, da mesma universidade, coordina o volume sobre espazo e xénero; e con Luciene Azevedo, da Universidade Federal da Bahia, o de espazos posíbeis. Dalcastagnè non precisa presentación. Ela é un referente dos estudos literarios brasileiros no abrente do século XXI pola súa vontade de romper coas rutinas historiográficas, pola súa capacidade para iluminar zonas de escuridade e silencio na cultura —e, xa que logo, na sociedade— brasileira, e mais polo seu infatigábel labor como promotora de foros e redes, particularmente do Grupo de Estudos em Literatura Brasileira Contemporânea que ela mesma coordina. O obxectivo destas publicacións e destas redes é procurar lecturas críticas rigorosas, arriscadas e situadas.

Entender a teoría e a crítica literarias como coñecementos «situados» implica o desprazamento desde unha concepción elitista e totalizadora da literatura cara a análises ideolóxicas nas que se considera que teoría e ficción sempre acompañan a experiencia dos corpos. E por iso cómpre refacer o marco teórico e conceptual de xeito que permita «describir para facer pensábel» a nosa contemporaneidade de maneira axeitada. Esta viraxe implica mergullarse na figura, agora marcada pola diferenza sexual, do autor/autora, abandonando a súa incuestionábel e inamovíbel lexitimidade, para considerala corpo/corpus que concita tantas tensións e procesos de negociación como os que se detectan na representación, nos modelos e nas prácticas literarias do século XXI.

O concepto «prácticas literarias» desestabiliza, á mantenta, o campo de estudo da «literatura» e de feito especialistas como Heloísa Buarque de Hollanda teñen defendido este desprazamento para evitar, cun salto de pértega, o debate sobre qué é «literatura» nos tempos da creación electrónica. Buarque propón falar simplemente de «prácticas literarias», antepoñendo a urxencia de facer unha «descrición axeitada» da creación contemporánea con conceptos apropiados antes que a redefinición de qué é *literatura*, un concepto que quedaría en suspenso, sen redefinición, por estar sometido á xestión do discurso dominante na disputa de privilexios, do recoñecemento e da lexitimidade.

Nestes libros o coñecemento «situado» non se mostra apenas como unha sorte de lectura sociolóxica da literatura feita desde un compromiso intelectual previsíbel. Vai máis alá e implica a explicitación do «lugar» da episteme, tal como defende a teoría feminista. A lectura crítica faise desde un «lugar» e uns parámetros que non aspiran á totalización senón que se vertebran como constelación, no sentido que lle deu Walter Benjamin. O poder da parcialidade e dos coñecementos situados leva a asumir a complexidade e as contradicións das prácticas literarias mais, á vista destas dúas monografías, queda demostrado que pensar desde a constelación resulta moito máis rendíbel que ler desde o confort do coñecemento clasificado e ordenadiño. O coñecemento crítico «situado» e —e teimo nisto— permite unha «descrición máis axeitada» da contemporaneidade, que ten que facerse cargo de repertorios e prácticas literarias que se sitúan fóra das vías áureas e confortábeis das institucións culturais.

Se de ambos libros se infire unha teoría dos coñecementos situados, o propio termo «contemporaneidade» é obxecto de revisión no capítulo de Barberena. Seguindo a Agamben, define o labor da epistemoloxía contemporánea: «Caminhamos de espinha quebrada para contemplar os rastros residuais das margens e das minorías. Olhamos no facho de luz da escuridão disciplinar, canónica, institucionalizada» (*Espaços possíveis...*, p. 80). A afirmación debe terse en conta aínda no que ten de contradición intrínseca, xa que é inevitábel interrogarse sobre se as prácticas culturais que se producen nas marxes querén, ou han querer, permanecer alleas ás institucións culturais e os seus dispositivos de ordenación. E resulta relevante xa que nestas dúas monografías, articuladas desde as teorías de poder e da diferenza, se desprega unha constelación conceptual que convida a asumir a multiplicidade e a contradición na lectura dos textos literarios contemporáneos. Por tanto, a multiplicidade de lecturas e mais os saberes situados permiten albiscar mellor os procesos de negociación das subxectividades non previstas, aquelas ás que lles é negada a identidade, a axen-

cia, a diferenza e aínda a condición de humanidade coas medidas desiguais para medir o corpo social e os corpus culturais.

A constelación conceptual de *Espaço e género*... atinxe as cuestións de xénero e sexualidade, que tanto incomodan cando exceden a tematización ordenadiña para mostrarse como tensión: raza, pobreza, xénero, sexualidade, marginalidade ou non-lugares. Precisamente no ámbito do xénero e a interseccionalidade son ben coñecidos os traballos de Dalcastagnè sobre a configuración social do suxeito dominante na cultura brasileira —home, branco, urbano...—; un suxeito que se desestabiliza neste libro. Monografías como esta constitúen un importante paso adiante pois non só procuran a visibilización das escritoras e as súas obras; un obxectivo aínda necesario, mais insuficiente e mesmo algo reseso desde o punto de vista da política e da epistemoloxías feministas. De feito estes estudos entran na particularización de proxectos ficcionais e poéticos que implican posicionamentos diversos, que refugan un suxeito feminino —e por veces feminista— estábel, que se pode momificar como representante dunha «alteridade» feminina homoxénea baixo o «paraugas totalizador» do discurso nacional brasileiro —sempre traducín así, á mantenta, o concepto *totalizing umbrella* de Radhakrishnan. O feito de facer fincapé na interseccionalidade, particularmente no que atinxe á raza e a sexualidade, impide caer na simplificación da «muller», tematizada en singular.

Espaço e género... ocúpase da produción de autoría feminina do século XXI, pon en cuestión os grandes retos de negociación que teñen marcados os feminismos, e estuda as mulleres (produtoras ou producidas) e o feminino como un exceso fronte a normatividade, ou, como se subliña xa no limiar, fóra dos «devidos lugares». E para iso a escrita das mulleres ponse en relación coa negritude e a interseccionalidade (Dalcastagnè), a sexualidade (Leal), a mobilidade (Almeida), os espazos de confinamento, tránsito e prohibición (Almeida, Tennina, Zolin, Góis), o lugar xenealóxico (Besse) e o lugar dos afectos (Ramos). Ademais, e sen pretendelo, a monografía constitúe un catálogo crítico das escritoras brasileiras do s. XXI.

Finalmente cómpre salientar como cartografía fatureira da teoría dos afectos, o capítulo introdutorio a este libro de Sandra Regina Goulart de Almeida. Almeida ofrece un repaso esclarecedor ás contribucións fundamentais da *affect theory* que se podería completar con conceptos como o «optimismo cruel» de Berlant, os «residuos emocionais» de Halberstam, e, sobre todo, as xeografías afectivas de Thrift na súa teoría non-representacional, e que Labanyi sinala como un novo desafío na aplicación da teoría dos afectos aos estudos literarios,

tensionando os conceptos «emoción» e «afecto» (recoméndase a conferencia de Labanyi, en vídeo, no portal web do Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona / CCCB).

Pola súa banda, *Espazos possíveis...* fai estourar o concepto-constelación, «espazo», nas súas múltiples acepcións, e conta cun capítulo introdutorio de Wink no que se ofrece unha utilísima topografía literaria dos lugares xeográficos e sociais. Nos diversos estudos afróntanse os territorios de disputa, as inevitábeis xeografías metropolitanas da pobreza e a violencia (Dalcastagnè, Thomaz), as cartografías móbiles (Lehnen), os desprazamentos migratorios (Pires), os espazos da clandestinidade (Tonus) e, aínda, desde o marco dos propios estudos literarios, o lugar de lectura (Mata) ou o lugar do campo no marco transnacional (Villarino e Vidal).

A publicación por xunto de ambos estudos e a selección dun corpus maioritario de escritores (masculino plural) no volume de *Espazos posibles...*, abre, porén, preguntas: qué lugar teñen as escritoras e as súas obras nos corpus de estudos xerais?; alén da visibilización da «autora» e o seu proxecto literario, cómo incardinarmos esas propostas diverxentes nos estudos de conxunto?; lémolas aínda como exceso, como parte, como marxe como particularidade?; cómpre facer aínda un traballo previo de análise das súas diferenzas para viralas intelixíbeis? Con estes interrogantes non poño en cuestión nin os criterios nin os inmensos logros das dúas monografías e os proxectos de investigación dos que se derivan. Apenas problematizo a episteme, pois estes volumes, que producen marcos teóricos e modelos de estudo, introducen interesantes achegas para pensar o lugar, os corpos, a interseccionalidade e os afectos. Só desde lecturas tan proveitosas e estimulantes como estas poden formularse interrogantes para unha descrición e unha análise axeitada da nosa contemporaneidade. Que a colección continúe esta magnífica rodeira!

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
Centre de recerca Teoria, Gènere, Sexualitat-ADHUC,
Universitat de Barcelona
helenagonzalez@ub.edu